



Ana María Victoria Moreno Márquez naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) o 1 de maio de 1939.

Esta pontevedresa de adopción chegou a Galicia en 1963, con só 22 anos, e axiña asumiu a cidadanía en galego, a lingua que escolleu tanto para as súas obras narrativas infantís e xuvenís como para os seus estudos literarios, o ensaio, a poesía e a didáctica da lingua e da literatura galegas. Isto permítenos definila como "galega de elección".

Os primeiros anos de vida pásaos en Valencia de Alcántara. En 1943, múdase coa familia a Segovia e alí fica ata que falece o seu pai, en 1949. Ese mesmo ano trasládase a Sepúlveda coa nai, onde esta exercerá de mestra. En 1951, grazas a unha bolsa de estudos, pode marchar a Barcelona para cursar o bacharelato e alí aprende catalán e francés, ademais de descubrir a literatura ao ler *O Quixote* e *O principião*, que se converterán nas súas obras favoritas.

Entre 1958 e 1963 cursa estudos de Filosofía e Letras na Universidade Complutense de Madrid e especialízase en Filoloxía Románica. En Madrid colabora coa ONCE traducindo e lendo libros para persoas invidentes e é entón cando coñece a José Luis Llácer. Casan ao remataren a carreira e trasládanse a Pontevedra, onde el traballará no Colexio da ONCE ata o seu falecemento en 1996 e ela, como profesora interina.

Logo de aprobar as oposicións en 1965 e de impartir clase durante dous anos no Instituto Masculino de Lugo (hoxe Lucus Augusti), e durante catro en Vilalonga (Sanxenxo), volve á Cidade do Lérez, onde dará clases no Instituto Feminino (o actual Valle-Inclán) e no IES Torrente Ballester. Falece en Pontevedra o 22 de novembro de 2005.

María Victoria Moreno é unha das pioneiras na narración en galego para o público infantil e xuvenil. *Mar adiante* (Edicións do Castro, 1973) é o seu primeiro libro na lingua propia de Galicia. Ilustrado por ela mesma, inclúe o relato "Crarisca e luceiro", que un ano antes gañara o segundo premio do Concurso Nacional de Contos Infantís "O Facho". Nel defende unha escola diferente, en contacto coa natureza, baseada no respecto, no agarimo e no gozo de aprender.

En 1979 publica *O cataventos* (que xa acadara o primeiro premio no concurso da Agrupación Cultural O Facho) e en 1983, *A festa no faiado*. En 1986 sae do prelo o seu libro preferido, *Leonardo e os fontaneiros* (Galaxia), obra coa que gañou o terceiro premio de O Barco de Vapor en 1985. Nesta novela plasma o seu amor polos animais, igual que en *E haberá tirón de orellas?*, de 1997.

Porén, é *Anagnórise* (Galaxia, 1988) a obra que lle permite obter un dos maiores éxitos da literatura xuvenil na nosa lingua, pois en moi pouco tempo publicáronse 20 edicións da novela e mesmo chegou a ser incluída na listaxe de honra do IBBY (Organización Internacional para o Libro Xuvenil) en 1990.

Con *Guedellas de seda e liño* (Galaxia, 1999), outra historia coa que demostra a súa capacidade de chegar ao público adolescente, entrou na prestixiosa listaxe internacional de White Ravens da Biblioteca Internacional para a Mocidade de Múnic en 2002.

Un par de anos despois saíra do prelo unha das súas obras para público adulto, *Diario da luz e a sombra* (Xerais, 2004), onde reflectiu a experiencia da súa enfermidade que acabaría pouco despois coa súa vida.

No libro *Eu conto, ti cantas...* (Xerais, 2005), o último que chegou a ver publicado, compila tres historias en verso nas que os animais son protagonistas.

Tamén escribirá outras obras de carácter didáctico, como *As linguas de España* e *Verso e prosa* (Xunta de Galicia, 1991), anosou obras do catalán como *Mecanoscrito da segunda orixe*, de Manuel de Pedrolo (Galaxia, 1989), e realizou as traducións ao castelán da antoloxía bilingüe *Os novísimos da poesía galega* (Akal, 1973).

En 1968 abriu a canda outros intelectuais a librería Xuntanza de Pontevedra, co fin de promover a literatura e espallar os libros. Nela podíanse atopar, entre outras, obras de Castelao, prohibidas pola censura. No eido editorial, foi codirectora de *Árbore*, a colección infantil de Galaxia, desde o seu inicio.

CERTAME DE NARRATIVA, DEBUXO, PINTURA, POESÍA E AUDIOVISUAL

PREMIOS:

Infantil

1º, 2º e 3º premio de Debuxo e Pintura
Os premios na categoría infantil consistirán en **lotes de libros** en galego.

Primaria

1º e 2º premio de Narrativa
1º e 2º premio de Debuxo e Pintura
1º e 2º Premio de Poesía
Os premios na categoría primaria consistirán en **lotes de libros** en galego.

Secundaria e menores de 18 anos

1º e 2º premio de Narrativa
1º e 2º premio de Debuxo e Pintura
1º e 2º Premio de Poesía
Os 1º premios na categoría secundaria consistirán en **reloxs intelixentes**.
Os 2º premios na categoría secundaria consistirán en **auriculares sen fíos**.

Adultos

1º premio de Narrativa
1º premio de Debuxo e Pintura
1º premio de Poesía
Os premios na categoría adultos estarán dotados cun premio económico de **150 € cada un**.

Premio ao mellor lector do ano da Biblioteca do CEIP San Marcos.

Premio ao mellor lector do ano da Biblioteca do IES de Viós.

Premio ao mellor lector do ano da Biblioteca Pública Municipal de Abegondo.

Estes premios ao mellor lector consistirán en **lotes de libros**.

Premio especial audiovisual de promoción do galego

Nesta categoría poderán participar todas as idades. Serán admitidas gravacións audiovisuais que enxalcen ou estean relacionados coa promoción da lingua. Valorarase a orixinalidade, contido didáctico e valor cultural e antropolóxico. O premio especial audiovisual consistirá nunha **tableta electrónica**.

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 29 DE XUÑO !!!

Os traballos poderán presentarse no Servizo de Normalización Lingüística, no departamento de Cultura, na Biblioteca Municipal e na Aula Lúdica ou remitirse por correo postal ao Concello de Abegondo. Consulta as bases na web do Concello de Abegondo: www.abegondo.gal

*“A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor”
(declaración de María Victoria Moreno, en 1993, no congreso Poetas Alófonos en Lingua Galega)*